

LUIS CRISTOBO VICENTE
Catoira, novembro 2015

FAUSTINO REY ROMERO

Para min é un pracer estar aquí falando de Faustino. A primeira vez que eu escoitei poesía, e poesía en galego, foi coas súas palabras. A primeira vez que eu escoitei galego nunha igrexa (un sacrilexio) tamén foi Faustino. Iso foi en Asados, onde eu vía a ese maxestuoso crego normalmente na compañía de Santos. Era 1960, eu tiña 9 anos e iso chamábame a atención: era diferente, a contracorrente da Galicia daquel entón, unha sociedade pechada do antigo réxime na que un día era igual ca outro e un ano igual ca outro, sachando. Quen era ese crego ilustrado, poeta, galeguista e libre que falaba galego cando o galego estaba prohibido? Porque non a todos lle gustaba o crego poeta: "Se sachara...", criticaba unha veciña por adicarse ás palabras poéticas. E non andaba moi trabucada a miña veciña: Polo visto, daquela tamén eran malos tempos para a lírica...

Non volví a saber de Faustino ata 1970, cando eu comezaba Filoloxía Española e tamén no xornalismo como corresponsal en Rianxo do xornal "El Correo Galego", aproveitando as miñas estadias de fin de semana. O crego galeguista estaba entón en Bós Aires, a chamada quinta provincia galega. En 1971 chéganos de súpeto a mala nova do seu pasamento en circunstancias aínda hoxe non aclaradas, e lémbrome que lle dediquei no xornal unha dobre páxina enteira falando da súa vida e das súas obras, naquelas páxinas coma un día sen pan pois eran follas de tamaño sábana, na honra do crego galeguista que eu coñecera e admirara cando era un neno.

Máis tarde souben que estudara no seminario franciscano de Herbón (eu tamén, pois cos franciscanos fixen o bacharelato e primeiro de Filosofía). E coñecín aos seus irmáns Gloria en Isorna e a Juan en Barcelona, quen fora frade franciscano en Terra Santa, ou a Manolo o seu sobriño, compañeiro de fatigas na Facultade e no Unión C.F. E tamén coñecín a un excrego nacionalista, quen me confesou que Faustino estivera nos alicerces da UPG (a Unión do Pobo Galego), pero nunca afondei nesta vía.

Básicamente, esta é a miña experiencia persoal de Faustino, un home decididamente adiantado ao seu tempo. E para comprobalo nada mellor que facer un pouco de historia: como era a Galicia daquel entón porque, deste xeito, tamén coñeceremos e valoraremos mellor ao noso poeta.

Hai un exemplo moi ilustrativo para falar desa época: a Revolución Industrial chega a Galicia cando se instala Citroen en Vigo, xa case en 1960, cun século ou dous de retraso sobre o horario previsto. Galicia estaba entón ancorada na Idade Media, na época medieval do cura, o mestre, o médico e o boticario como señores feudais "de toda a vida", mentres o resto do común sobrevivía da agricultura, gandeiría ou pesca, unha sociedade varada en seco polo golpe de Estado dos militares, a Guerra Civil e a reinstauración da Igrexa tridentina, a Falanxe e o Movemento Nacional como brazos armados de control social, sen saída, unha atmósfera e un ambiente asfixiante, abafante. Terra queimada.

Esa relixión tradicionalista era o eixe rector grazas ao imperante nacionalcatolicismo. E a autarquía foi a única resposta económica. Deste xeito, o cura dictaba que debías pensar e que podías facer (os certificados de boa conducta, o mesmo rol que hoxe cumpren os medios de comunicación e as entidades financeiras), mentres que a economía non daba outra saída máis que a supervivencia no agro: auténticos servos da gleba. Así ata 1970, en que

as divisas do turismo e da emigración a Europa(vanse 500.000 galegos nos sesenta) dan un respiro, morre Franco e chega a democracia. Onte.

Este foi o tempo que lle tocou vivir a Faustino. Por iso se rebelou, por iso se posicionou cos de abaixo, co pobo e a súa lingua seguindo os valores franciscanos (liberdade, fraternidade, dignidade, respecto, paz, xustiza, ecoloxía..., os melros de Faustino). Son valores humanos. Son os mesmos valores da Revolución Francesa. Son os mesmos valores da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. Pero, lamentablemente, non eran os valores da Idade Media na que lle tocou vivir a Faustino. Por iso hai que reivindicar a súa figura, rehabilitar a Faustino: o seu impacto social e a súa aportación literaria.

Luis Cristobo (www.cristobo.es. luis@cristobo.es) Catoira, novembro 2015.